



## **IV XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO**

**17 de MAIO de 2019**

A Delegación Lucense de Atletismo co patrocinio da Deputación de Lugo, organiza a 4ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO en pista ao aire libre, o **VENRES 17 de maio de 2019, en xornada de mañá, no Estadio Gregorio Pérez Rivera.**

### **REGULAMENTO**

**Art. 1.** Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2018/19) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubs de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas de categoría **sub16 ata veteranás.**
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.
- O resto de atletas con ficha por outra Federación e noutros clubs non pertencentes a Federación Galega de Atletismo deberán aboar 10€ coa recollida do dorsal.
- **Todos os atletas que se inscriban, non participen finalmente e non manden a súa renuncia ata 24h antes do comezo da 1ª proba do programa. Serán sancionados cunha multa de 5€ que deberá ser aboada para poder tomar parte en calqueira control ou proba oficial organizada nesta Delegación de Lugo.**

**Art.2.** As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata **as 22:00 horas do martes anterior** á celebración das probas. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.**

**Art. 3.** Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 60 minutos antes da saída de cada proba.** Pasado este período non se admitirá a participación do atleta. A recepción de artefactos para a súa homologación pecharase 60' antes do comezo da mesma.

**Art. 4.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art. 5.** Nas probas de velocidade indícarase a mellor marca. As series realizaránse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

**Art. 6. FINALES 100 M.L.** Clasificaránse para a final as 8 mellores marcas das series previas.

**Art. 7. LÍMITE DE PARTICIPACIÓN:** Nos concursos establecerase un límite de 18 atletas. Agás no concurso de altura que se admitirán as 12 mellores marcas de cada sexo.

**Art. 8. TÁBOAS, MELLORA E CADENCIAS:**

- Táboa de lonxitude a 3m e de triple a 9, 10 e 11m



- Nos concursos os atletas disporán de 4 intentos + 2 de mellora para os 8 mellores atletas.
- Cadencia salto de altura: 1.20-1.30-35-40....60-63-66.....

## Art. 9. HORARIO

HOMES	HORA	MULLERES
LANZAMENTO DE DISCO (sub 16-vet)	10:30	SALTO LONXITUDE (sub 16-vet)
110 mv (1.06-0.99-0.91)	11:00	
100 mv (0.91)	11:15	
	11:30	100 mv (0.84)
	11:40	100 mv (0.76)
TRIPLE SALTO (sub 16-vet)	11:45	
SEMIFINAIS 100 ml (sub 16-vet)	12:00	LANZAMENTO DE DISCO (sub 16-vet)
	12:20	SEMIFINAIS 100 ml (sub 16-vet)
1000 ml (sub 16-vet)	12:40	
SALTO DE ALTURA (sub 16-vet)	12:50	SALTO DE ALTURA (sub 16-vet)
800 ml (sub 18-vet)	13:00	1000 ml (sub 16-vet)
	13:10	800 ml (sub 18-vet)
300 ml (sub 16-vet)	13:20	LANZAMENTO DE PESO (sub 16-vet)
	13:30	300 ml (sub 16-vet)
	13:40	
	13:50	400 ml (sub 18-vet)
FINAL 100ml (sub 16-vet)	14:00	
	14:05	FINAL 100ml (sub 16-vet)
CEREMONIA PREMIACIÓN	14:20	CEREMONIA PREMIACIÓN

## Art. 10. PREMIOS:

As 3 mellores marcas por táboa I.A.A.F de cada sexo recibirán un premio económico de 100-60-40€ mais un trofeo conmemorativo, a entrega realizarase ao finalizar a competición sendo obrigatorio acudir a cerimonia de premiación. Aqueles atletas premiados que non se queden a cerimonia de premiación perderán o dereito ao mesmo.

**Art. 11.** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, a 1 de maio de 2019

  
Asdo. José Manuel Peña  
Delegado Lugo FGA

**PATROCINA:**



**COLABORA:**

